

TRABALLO PARA E. INFANTIL 1



ánimo!

#euquedonacasa

#yomequedoencasa

4º de Educación Infantil

Área de Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

- Manter rutinas.
- PSICOMOTRICIDADE: crear un espazo na casa no que o/a neno/a, poida moverse libremente e lle permita realizar distintos movementos e distintas coreografías e bailes.

Área de Coñecemento do contorno

- **MATES:**
 - NÚMEROS: contar obxectos da casa (alimentos, por exemplo; lembre que ese era o tema que estabamos a traballar na aula este mes). Practicar a grafía dos números ata o 3.
 - OPERACIÓNS: realizar con obxectos da casa ou con adhesivos series sinxelas (azul-vermello-azul-vermello...; grande-pequeno-grande-pequeno...).
 - CONCEPTOS: pedir que utilice expresións con grande/pequeno, dentro/fóra, agora/despois, as cores básicas, etc.

Área de Linguaxes: comunicación e representación

- Falar moito cos/coas peques, que eles/as se expresen, emocións, sentimentos, etc. Procurando unha boa pronunciación.
- **LETRAS:**
 - Identificar as letras maiúsculas do seu nome e o dalgún compañeiro/a da clase. Repasalas de distintas maneiras: dedo, lapis, no chan, etc. Colorealas e intentar copialas.
- **ACHEGAMENTO Á LITERATURA:**
 - Lerlles contos.
 - Ler de contos e libros en xeral (de poesía, posibilidade de realizar unha receita lendo os ingredientes, libros de imaxes), recalando a importancia que estes teñen para o desenvolvemento do neno/a.
- Ver curtas e contos subidos ao blog da biblioteca: [Rakonto Pequeno](#).
- Visitar o apartado de xogos educativos de [A tropa de Paulo](#).

Beatriz Souto Pan e Ramón París Lago, titora e titor,
e Rosa M. Mosteiro Neira e Irene Mandián Beloso, mestras de apoio.



5º de Educación Infantil

Área de Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

- É importante establecer e manter rutinas.
- Moi importante : XOGAR!!
- PSICOMOTRICIDADE: crear un espazo na casa no que o/a neno/a, poida moverse libremente e lle permita realizar distintos movementos e distintas coreografías e bailes.

Área de Coñecemento do contorno

- **MATES:**
 - NÚMEROS: contar xoguetes, etc. Calquera cousa serve. Escribir os números ata o 7.
 - OPERACIÓNS: agrupar obxectos segundo o número dado en tarxetas, empezar a xuntar ou quitar e ver o resultado (se temos máis ou menos).
 - CONCEPTOS: xogar a colocarnos en distintas posicións: encima, debaixo, a un lado, a outro lado, preto, lonxe, etc.

Área de Linguaxes: comunicación e representación

- Falar moito cos/coas peques, que eles/as se expresen, emocións, sentimentos, etc. Procurando unha boa pronunciación.
- **LETRAS:**
 - Poden empezar a ler sílabas que aparezan en palabras significativas para eles.
 - Identificar en nomes da familia, títulos de contos... as letras M, m, P, p, L, l, T, t. Repasalas de distintas maneiras: dedo, lapis, no chan, etc. Colorealas e intentar copialas.
- **ACHEGAMENTO Á LITERATURA:**
 - Lerlles contos.
 - Ler de contos e libros en xeral (de poesía, posibilidade de realizar unha receita lendo os ingredientes, libros de imaxes), recalcando a importancia que estes teñen para o desenvolvemento do neno/a.
- Ver curtas e contos subidos ao blog da biblioteca: [Rakonto Pequeno](#).
- Visitar o apartado de xogos educativos de [A tropa de Paulo](#).

Pilar Payo Soengas e María Silgado Rebollo, titoras,
e Rosa M. Mosteiro Neira e Irene Mandián Beloso, mestras de apoio.

6º de Educación Infantil

Área de Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

- Manter rutinas.
- Axudar nas tarefas domésticas.
- PSICOMOTRICIDADE: crear un espazo na casa no que o/a neno/a, poida moverse libremente e lle permita realizar distintos movementos e distintas coreografías e bailes.

Área de Coñecemento do contorno

- **MATES:**
 - NÚMEROS: contar elementos, obxectos e materiais habituais que hai nas casas. Practicar a grafía dos números ata o 9.
 - OPERACIÓNS: xogos manipulativos con material cotián, xogos de mesa... onde haxa que poñer (sumar) e quitar (restar) elementos.

Área de Linguaxes: comunicación e representación

- Falar moito cos/coas peques, que eles/as se expresen, emocións, sentimentos, etc. Procurando unha boa pronunciación.
- **LETRAS:**
 - Identificar as letras maiúsculas e minúsculas (todas) dalgúñas palabras de obxectos da casa. Repasalas de distintas maneiras: dedo, lapis, no chan, etc. Colorealas e intentar copialas.
 - Visualizar xornais e catálogos.
- **ACHEGAMENTO Á LITERATURA:**
 - Realizar lectura comprensiva de contos.
 - Ler de contos e libros en xeral (de poesía, posibilidade de realizar unha receita lendo os ingredientes, libros de imaxes), recalando a importancia que estes teñen para o desenvolvemento do neno/a.
- Ver curtas e contos subidos ao blog da biblioteca: [Rakonto Pequeno](#).
- Visitar o apartado de xogos educativos de [A tropa de Paulo](#).

Patricia Abad Reino, titora,
e Rosa M. Mosteiro Neira e Irene Mandián Beloso, mestras de apoio.

Unha aperta forte de parte do equipo de E. Infantil.



CEIP Raquel Camacho

DESCARGA AQUÍ TODAS AS ACTIVIDADES

DESCARGA AQUÍ TODAS AS ACTIVIDADES

Wax. 13/03/2020 - 17:44

Taboleiro de anuncios

actividades para a casa

durante a suspensión das clases

As longo dos seguintes días, vanse ir calgando tarefas en cada un dos niveis educativos. Nalgúñas clases xa tes dispoñibles actividades para as dúas semanas; outras publicaranse diariamente.

actividades para Infantil

CEIP Raquel Camacho

SÉGUENOS EN

actividades para a casa

TAMÉN DE ACTUALIDADE

TRABALLO PARA 5º

hal 2 días

COMBINECIÓN DE EXERCICIOS PARA 5º

hal 2 días

TRABALLO DE INGLÉS PARA 4º

hal 2 días

TRABALLO DE INGLÉS PARA 3º

hal 2 días

TRABALLO DE INGLÉS PARA 1º

hal 2 días



abalarMóbil

PARA AS FAMILIAS

XUNTA DE GALICIA

nova app para a comunicación familia-escola

Accede aos datos persoais. Consulta as cualificacións. Consulta e xustifica as faltas. Solicita citas de titoría. Recibe notificacións do centro. Emítole máis.

descárgaa!

CEIP Raquel Camacho